



Concello de Barbadás

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DENOMINADAS “Axudas económicas destinadas a familias en cuxo ámbito existan un ou máis enfermos celíacos ou intolerantes á lactosa, consistentes en axudas para a adquisición de produtos alimentarios específicos para persoas afectadas pola intolerancia ao glute ou a lactosa para o ano 2025”

BASE I. OBXECTO, FINALIDADE, EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

1. De acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência, non discriminación e igualdade, e, de conformidade con Plan estratéxico de subvencións do Concello de Barbadás, as presentes bases teñen por obxecto establecer as normas para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de determinadas axudas económicas monetarias, que segundo as disposicións legais vixentes, terán carácter de subvención. En concreto, o obxecto das presentes bases será a atención ás unidades familiares en cuxo ámbito existan un ou máis enfermos celíacos ou intolerantes á lactosa. (CÓDIGO 2025.004)

2. A estes efectos, considérase que, segundo as disposicións legais vixentes, as presentes axudas terán carácter de subvención e se concederán polo Concello de Barbadás para a realización de determinadas actividades que complementen os atribuídos á competencia municipal e, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares, e dos intereses xerais da veciñanza do Concello.

3. A finalidade das presentes subvencións será a atención ás unidades familiares en cuxo ámbito existan un ou máis enfermos celíacos ou intolerantes á lactosa para axudar á compra de alimentos especiais e adecuados para atender ás necesidades específicas das persoas afectadas pola citada enfermidade.

4. Para os efectos desta convocatoria, considéranse subvencionables os gastos así considerados, nas contías, importes, porcentaxes, conceptos e demais límites que se establezan no correspondente apartado.

5. Con carácter xeral, quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as seguintes actividades:

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

- a) Aquelas que sexan solicitadas noutras convocatorias doutras concellerías do Concello de Barbadás.
- b) Aquelas incluídas nun Convenio de Colaboración co Concello de Barbadás.
- c) Aquelas que poidan ser consideradas ilícitas ou irregulares, entre outros motivos:
 - i. As que se executen sen o cumprimento e sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, en materia tributaria, ou laboral, ou de semellante natureza.
 - ii. As que, para a súa execución, non contén cos permisos e licencias necesarios, ou incumpran en materia urbanística, de utilización de dominio público, de normativa sectorial de espectáculos públicos, etc.
 - iii. As que poidan ser constitutivas de infracción administrativa ou penal.
 - iv. As constitutivas de condutas discriminatorias de calquera clase ou lesivas de dereitos fundamentais das persoas.
 - v. As que encubran actividades ilícitas ou irregulares.
- d) Aquelas que non cumbran cos requisitos fixados nas presentes bases.

6. O procedemento de concesión desta subvencións tramítase en réxime de concorrència competitiva, e, segundo as seguintes normas:

- a) A Lei 38/2003, xeral de subvencións e disposición de desenvolvemento
- b) A Lei 9/2017, de subvencións de Galicia
- c) A Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Barbadás, versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm. 93, de 19 de maio de 2025.

7. Estas subvencións son incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras institucións públicas ou concertadas.

BASE II. NATUREZA, CONTÍA E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

1. As axudas que se conceden teñen natureza de subvención, nos termos previstos no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, terán tal condición, aos efectos que correspondan, segundo as obrigas tributarias que poidan proceder para as persoas perceptoras das mesmas.
2. A concesión das presentes subvencións está supeditada á contía especificada nos orzamentos do Concello de Barbadás para tal finalidade, vixentes no momento da convocatoria. En concreto:

Aplicación orzamentaria núm.	Contía máxima
231.480.00	40.000 €

3. O crédito previsto e polo tanto a concesión das subvencións, queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 para financiar os deberes derivados da convocatoria.
4. As contías individuais terán as limitacións que se recollen nas bases correspondentes.

BASE III. CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión, así como, de ser o caso, as que resulten da aplicación do artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións.

Segunda. Requisitos específicos. Para acollerse a este convocatoria as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos, no momento da convocatoria:

1. Posuír o diagnóstico de enfermidade celíaca ou de intolerancia á lactosa, as persoas físicas para si mesma, ou a súa unidade familiar, enténdese por unidade familiar a formada por unha ou máis dunha persoa cuxos membros convivan no mesmo domicilio, na que un dos membros da unidade familiar deberá posuír diagnóstico de enfermidade celíaca ou de intolerancia á lactosa.
2. Acreditar o empadramento no Concello de Barbadás, cunha antigüidade

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

mínima de seis meses previa á publicación da convocatoria, da persoa diagnosticada de enfermidade celíaca ou de intolerancia á lactosa, que deberá manterse durante todo o período de percepción da axuda.

3. Ser residente fiscal en España durante o exercicio 2024.
4. Pertencer a unidades de convivencia, con independencia do número de membros, cuxos ingresos totais non poderán exceder do 120.000 euros. A estes efectos, considerarase como tales a renda familiar total aos efectos da concesión da subvención, considerando como tal a suma dos ingresos obtidos pola totalidade dos membros da unidade familiar, do seguinte xeito:
 - a. Nos casos de membros que presenten auto-liquidación por IRPF, a contía sinalada na casilla relativa á base imponible xeral do imposto.
 - b. Nos casos de membros que non presenten auto-liquidación por IRPF, nos ingresos que consten no documento que acredite a percepción de tales ingresos.
5. Non pertencer a unidades de convivencia nas que conviva algunha persoa que resulte obrigada a presentar Imposto sobre o Patrimonio, ou, que a unidade de convivencia posúa un patrimonio conxunto de máis de 600.000 euros, determinado consonte as normas da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio.

BASE IV.- DEBERES DOS BENEFICIARIOS

1. Con carácter xeral, os beneficiarios das subvencións estarán obrigados ao cumprimento das disposicións que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza e as demais obrigas que resulten da lexislación en materia de subvencións.
2. Con carácter específico, deberán cumprir as que, especificamente se relacionan a continuación:
 - a) Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
 - b) Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

subvención

- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e remitir a información que se lle requira, en especial en materia de control financeiro da subvención.
- d) Gastar o total da subvención concedida en alimentos especiais e adecuados para atender as necesidades específicas das persoas afectadas pola citada enfermidade.
- e) Gastar o total da subvención concedida en establecementos comerciais situados no termo municipal do Concello de Barbadás.
- f) Gastar o total da subvención concedida durante o ano natural no que se concede a subvención.
- g) Conservar os tickets, facturas ou xustificantes acreditativos do importe concedido durante un período de 4 anos dende o pago da subvención.
- h) Estar ao día no pago de impostos municipais.
- i) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas que financien os gastos subvencionados.

BASE V. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude da subvención, xunto con toda a documentación necesaria, presentarase, obrigatoriamente, no TRÁMITE ESPECÍFICO creado na sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>, no prazo de DUN MES contado a partir do día seguinte á publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2. De conformidade co disposto no artigo 6.3 da Ordenanza xeral reguladora de subvencións do Concello de Barbadás (B.O.P. núm. 93, de 19 de maio de 2025), exceptúanse da obriga de presentación por medios electrónicos ás persoas físicas en situación de risco por fenda dixital. A estes efectos, a situación de risco por fenda dixital deberá constar en informe específico expedido polos servizos sociais do Concello. Nestos casos, a documentación será tramitada polas oficinas de asistencia en materia de rexistro, segundo o disposto no artigo 16 da Ley 39/2015.

3. As persoas solicitantes deberán cumprimentar os datos requiridos no trámite

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

establecido na Sede Electrónica do Concello. As persoas exoneradas de presentación por medios electrónicos, ademais de entregar o Informe ao que se refire o parágrafo precedente, deberán cumprimentar a a solicitude debidamente cuberta que se recolle no modelo que proceda, que será aprobado por Resolución de Alcaldía.

4. A solicitude de subvención deberá presentarse acompañada da seguinte documentación complementaria:

A. Documentación acreditativa da situación xeral:

- a. Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante.
- b. Fotocopia do D.N.I. do representante legal:
 - i. Se a persoa solicitante esta incapacitada legalmente ou é beneficiario de medidas de apoio, salvagarda ou protección no ámbito civil, ademais deberá aportar copia do auto ou sentenza acreditativa de tal condición.
 - ii. Se a persoa solicitante é menor de idade, ademais deberá aportar fotocopia do libro de familia que acredite o parentesco, acompañado do D.N.I. dun ou de ambos os dous proxenitores.
- c. Cando na unidade familiar estea formada por persoas separadas legalmente ou divorciadas, ademais aportarán fotocopia da sentenza de separación ou divorcio, ou a que contemple o convenio regulador correspondente. Nos casos en que non se perciban pensión alimenticia ou compensatoria, aportarán a denuncia por incumprimento da sentenza de separación ou divorcio, ou convenio.
- d. Certificación da conta bancaria, para a realización do pago da axuda.

B. Documentación acreditativa da situación médica:

- a. Informe ou certificado médico emitido polo persoal facultativo do Servizo Galego de Saúde no que se reflexe o diagnóstico de enfermidade celíaca ou intolerancia á lactosa.

C. Para os suxeitos pertencentes á unidade familiar da persoa beneficiaria que estean obrigados á declarar por IRPE deberá aportarse copia do Modelo 100,

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

relativo á auto-liquidación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2024, de tódolos membros computables da familia con obriga de declarar.

D. Para os suxeitos pertencentes á unidade familiar da persoa beneficiaria que non estean obrigados á declarar por IRPF en relación ao período impositivo correspondente ap exercicio 2024, e que sexan maiores de 18 anos:

- a. No seu caso, Certificado de Empresa: Quen non teña obriga de facer declaración aportarán un certificado de Empresa correspondente ó exercicio 2024 ou datos que acrediten os ingresos obtidos no ano 2024.
- b. No seu caso, Certificado de Vida laboral
- c. No seu caso, Certificado de acollemento familiar remunerado.
- d. No seu caso, Certificado de familia mono-parental.
- e. No seu caso, Certificado do grado de discapacidade.
- f. No seu caso, Certificados de pensións recibidas
- g. No seu caso, Certificado de percepción da RISGA (Renda de Integración Social de Galicia).
- h. No seu caso, Certificado de percepción da axuda do Ingreso Mínimo Vital (IMV).
- i. No caso de desempregados que non percibiron subsidio de desemprego durante o ano 2024, presentarse un certificado do Instituto Nacional de Emprego que o acredite. Asemade, se percibiu algunha cantidade por desemprego, presentará o correspondente certificado.
- j. No caso de emigrantes retornados e inmigrantes deberán presentar unha certificación dos ingresos obtidos no ano 2024 no país correspondente, cun informe bancario sobre a cotización media da moeda de dito país nese ano. No caso de estar un membro do matrimonio no estranxeiro e outro retornado, deben acreditar os ingresos obtidos no ano 2024 mediante certificacións oficiais.
- k. No caso de persoas sen ingresos. No caso de non poder xustificar ningún tipo de ingresos familiares (por non telos realmente), realizarase

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

declaración xurada da non percepción de ingresos algúns. Neste caso o Concello resérvase a facultade de comprobar este extremo, denegándose ou anulándose as axudas no caso de falsidade, sen prexuízo das sancións ou responsabilidades en que incorra o declarante.

5. O Concello poderá solicitar, se o considera oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude. En todo caso, o cumprimento das obrigas tributarias e de estar ao corrente de pagos co Concello de Barbadás comprobarase de oficio. A acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias coas administracións tributarias e de seguridade social efectuarase mediante Declaración responsable.

6. Os/as solicitantes serán responsables da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o Concello poderá requirir a exhibición do documento orixinal para a comparación de la copia electrónica presentada.

7. Solo se admitirá a documentación en formato PDF non admitíndose, en ningún caso, fotografías dos documentos necesarios para a solicitude.

BASE VI. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. En cumprimento do deber imposto polo artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Barbadás, <https://barbadas.sedelectronica.gal/>, no trámite específico que se estableza.

2. En caso de que se presente a solicitude de xeito presencial, se requirirá a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, se considerará como data de presentación, a data da solicitude tramitada por medios electrónicos.

3. Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, se deberán remitir antes de que finalice o prazo outorgado para a súa presentación.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401

4. Sen prexuízo do anterior, de conformidade co disposto na Base V. 2, e de conformidade co disposto no artigo 6.3 da Ordenanza xeral reguladora de subvencións do Concello de Barbadás (B.O.P. núm. 93, de 19 de maio de 2025), exceptúanse da obriga de presentación por medios electrónicos ás persoas físicas en situación de risco por fenda dixital. A estes efectos, a situación de risco por fenda dixital deberá constar en informe específico expedido polos servizos sociais do Concello. Nestos casos, a documentación será tramitada polas oficinas de asistencia en materia de rexistro, segundo o disposto no artigo 16 da Ley 39/2015.

BASE VIII. PROCEDEMENTO

1. O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases se axustará ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, e nas disposicións aplicables da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 38/2003 e na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvenciones do Concello de Barbadás, versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm. 93, de 19 de maio de 2025.

2. En aplicación de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a concesión de subvenciones corresponde ao alcalde/sa ou ao órgano que sinalen as bases de execución do orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen el 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concedente será o Pleno.

3. A administración revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se está incompleta ou defectuosa, se requirirá ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles remita a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, en caso de incumprimento, se entenderá que desiste da súa solicitude (art. 68 de la LPAC).

4. O órgano instrutor do procedemento será a Concellería de Servizos sociais.

4. A Comisión de Avaliación é o órgano colexiado ao que se refire o artigo 21 da Lei

38/2003, xeral de subvencións, e corresponderanlle as atribucións legais conferidas, a función de actuar como comisión de valoración das subvencións e a formulación das propostas de concesión das subvencións.

5. A Comisión de Avaliación se constituirá para o efecto e estará integrada por:

- Presidente/a: A persoa titular da Concellería de servizos sociais, ou persoa na que delegue.
- Vogais: Dous empregados públicos municipais, con experiencia, competencia ou coñecementos acreditados sobre a materia.
- Secretario/a: O/a secretario/a do concello (con voz e sen voto), ou persoa na que delegue.

6. O órgano concedente será a Xunta de Goberno do Concello de Barbadás.

7. Calquera alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos de financiación procedentes doutras administracións públicas ou entidades, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

BASE IX. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables os que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

2. Serán subvencionables os gastos que sexan realizadas e efectivamente pagados no ano natural da convocatoria.

3. Para ser considerados como subvencionables os gastos deberán realizarse en produtos de alimentación sen glute ou, no seu caso, sen lactosa. En todo caso, exclúense desta consideración.

- a) As bebidas alcohólicas de calquera clase,
- b) As cervexas analcólicas aptas para celíacos
- c) Os refrescos azucarados

4. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvenciones ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o coste da actividade subvencionada.
5. O importe máximo subvencionable será, como máximo, de 400 euros por solicitante.
6. Sen prexuízo do anterior, o importe global máximo destinado á financiación da subvención poderá prorratearse entre os beneficiarios da subvención, cando o número de estes con dereito ao importe máximo poida superar o importe global máximo consignado na aplicación orzamentaria.

BASE X. CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

1. A Comisión de Avaliación formulará a proposta de concesión ou denegación da subvención, así como a súa contía económica, tendo en conta o seguinte baremo de aplicación.
2. En primeiro lugar, determinarase a renda familiar total aos efectos da concesión da subvención, considerando como tal a suma dos ingresos obtidos pola totalidade dos membros da unidade familiar, do seguinte xeito:
 - a) Nos casos de membros que presenten auto-liquidación por IRPF, a contía sinalada na casilla relativa á base imponible xeral do imposto.
 - b) Nos casos de membros que non presenten auto-liquidación por IRPF, nos ingresos que consten no documento que acredite a percepción de tales ingresos.
3. En segundo lugar, determinarase o número de membros que forman a unidade familiar, que serán a persoa solicitante e as súas persoas proxenitoras coas que convivan no domicilio familiar, así como os irmáns solteiros menores de 23 anos que convivan no domicilio familiar ou os maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio co certificado municipal correspondente. Ademais, computarase un membro máis na unidade no caso de presentar algún de eles unha discapacidade igual ou superior ó 33% ou no caso de ser familia mono-parental.
4. En terceiro lugar, determinarase a *renda per capita* pertencente a cada membro da unidade familiar, tomando en consideración a renda familiar total calculada consonte ao

Concello de Barbadás

parágrafo 2, dividida entre o número de membros da unidade familiar, calculados consonte ao parágrafo 3.

5. En cuarto lugar, importe resultante como *renda per capita* determinará a concesión da subvención conforme á seguinte táboa:

Tramo	Renda <i>per capita</i> desde	Renda <i>per capita</i> ata	Contía subvención
1	0 €	7.500 €	400 €
2	7.501 €	10.000 €	350 €
3	10.001 €	12.500 €	300 €
4	12.501 €	15.000 €	250 €
5	15.001 €	17.500 €	200 €
6	17.501 €	20.000 €	150 €
7	20.001 €	30.000 €	100 €
8	30.001 €	Sen límite	0 €

6. Cando, conforme á base anterior, se proceda ao prorrateo do importe global máximo destinado á financiación da subvención, as contías anteriores serán establecidas de xeito proporcional ao número de solicitantes.

BASE XI. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados de acordo co previsto no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2. Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos/as interesados/as.

3. Neste caso a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.



Concello de Barbadás

4. Unha vez efectuada a proposta de resolución definitiva por parte do órgano instrutor, elevarase ao Alcalde do Concello para que proceda á resolución do expediente, que será notificada a todos os solicitantes de acordo co previsto no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

5. A concesión das subvenciones a que se refire a presente ordenanza non implicará relación contractual ningunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e la persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

6. A resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación o publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se se produce o seu desestimación por silencio.

BASE XII. PAGO E JUSTIFICACIÓN

1. O pago das subvencións se realizará nun único desembolso.
2. Non se poderá realizar ningún pago se a persoa beneficiaria non está ao corrente das súas obrigas tributarias ou de natureza análoga coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesoureira Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galiza ou co Concello de Barbadás. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.
3. De conformidade co artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia

4. A estes efectos, lémbrese que toda subvención poderá ser obxecto de control financeiro posterior, nos termos previstos na propia Lei xeral de subvencións e na normativa de control orzamentario.

BASE XIII. INCUMPRIMENTOS

1. No caso de duplicidade de concesión, o Concello revocará a súa axuda, con obrigación por parte do beneficiario de reembolsar a cantidade recibida no prazo de 15 días a contar desde a comunicación. Igualmente procederá a revogación se se descubriera ocultación ou falsidade dos datos.

2. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, de ser o caso, á incoación do expediente de reintegro.

BASE XIV. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

1. Os beneficiarios da subvención quedarán sometidos as responsabilidades e réxime sancionador sinaladas no título IV da Lei Xeral de Subvencións.

2. Para efectuar unha mellor valoración das solicitudes e a resolución do expediente, o Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións que considere oportunas para acreditar a veracidade dos datos presentados polos solicitantes.

3. Os beneficiarios, baixo a súa responsabilidade, estarán obrigados a comunicarlle ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou persoal.

DISPOSICIONS FINAIS.

Primeira.- Calquera interpretación destas bases reguladoras será realizada pola Comisión de Avaliación.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

Segunda.- Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvencións, e o RD 887/2006 que aproba o regulamento de dita lei, e la Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galiza.

Terceira.- Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte ao do seu publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401